



MISA CON NENOS  
27 de marzo de 2022  
Coresma-4º C - O pai bo  
Lucas 15, 11-32:

*“o pai viuno e conmovéronslle as entrañas”.*

## Domingo 4º - O fillo pródigo



**VOLVE**  
á casa de papá Deus

## 1. MONICIÓN DE ENTRADA

### **Monitor:**

Irmáns e irmás. Benvidos á celebración da eucaristía dominical do 4º domingo de Coresma. A gran revelación de Xesús é mostrarnos a Deus como Pai, como alguén disposto sempre á misericordia e ao perdón. Hoxe imos escoitar no Evanxeo a parábola do fillo pródigo ou do pai misericordioso. Somos nós os que nos afastamos de Deus indo por malos camiños e o Pai entristécese. Pero el espéranos, sae ao noso encontro, perdoa e esquece. E abre os seus brazos para regalarnos o perdón e unha vida nova. Hoxe aquí, na súa casa, celebramos o seu amor, a súa misericordia e o seu perdón.

*(Saímos cun cartel cunha frase: “VOLVE á casa de papá Deus”).*

**SACERDOTE:** - - *O amor misericordioso do Pai que en Xesús nos abraza e nos perdoa, sexa convosco.*

*(Salimos con un cartel con una frase: “VUELVE a la casa de papá Dios”).*

**SACERDOTE:** - *El amor misericordioso del Padre que en Jesús nos abraza y nos perdona, esté con vosotros.*

## 2. SÚPLICAS DE PERDÓN

**SACERDOTE:** *Xesús perdoou á pecadora, a Pedro, aos que o crucificaron, perdoou sempre, ten un gran corazón como o seu Pai. Nós tamén lle pedimos perdón.*

- **Pais:** *Ti, que tes o corazón cheo de amor e de tenrura, Señor, ten piedade de nós.*

- **Catequistas:** *Ti, que tes o corazón cheo de misericordia e compaixón, Cristo, ten piedade de nós.*

- **Nenos:** *Ti, que esperas pacientemente o noso arrepentimento, Señor, ten piedade de nós.*

### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Imos escoitar moi atentos a Palabra de Deus. Na 1ª lectura descubrimos como Deus acompañou os que esperaban e crían nel, levounos á terra prometida e moitos vírona. No evanxeo veremos como os fariseos criticaban a Xesús porque trataba cos pecadores e os quería. Xesús respondeulles con esta parábola sobre o absoluto amor do Pai cara aos seus fillos. S. Paulo chámanos a reconciliarnos con Deus e regalar o seu perdón.

## LECTURAS

- **XOSUÉ 5,9a.10-12:** *O pobo de Deus, logo de entrar na terra prometida, celebra a Pascua.*
- **SALMO 33:** *GProbade e vede que bo é o Señor.*
- **1 CORINTIOS 5,17-21:** *Deus reconciliounos consigo por medio de Cristo.*
- **LUCAS 15,1-3.11-32:** *Este irmán teu estaba morto e reviviu.*

**Narrador:** Naquel tempo, adoitaban achegarse a Xesús todos os publicanos e pecadores a escoitalo. E os fariseos e escribas murmuraban dicindo:

**Escribas:-** *«Ese acolle os pecadores e come con eles».*

**Narrador:** Xesús díxolles esta parábola: «Un home tiña dous fillos; o máis novo deles dixo a seu pai:

**Menor:** - “Pai, dáme a parte que me toca da fortuna”.

**Narrador:** O pai repartiulles os bens. Non moitos días despois, o fillo menor, xuntando todo o seu, marchou a un país afastado, e alí malgastou a súa fortuna vivindo perdidamente. Cando o gastara todo, veu por aquela terra unha fame terrible, e empezou el a pasar necesidade. Foi entón e contratouse cun dos cidadáns daquel país que o mandou aos seus campos a apacentar porcos. Desexaba saciarse das algarrobas que comían os porcos, pero ninguén lle daba nada. Recapacitando entón, díxose:

**Máis novo:** - *“Cantos xornaleiros de meu pai teñen abundancia de pan, mentres eu aquí mórrome de fame. Levantareime, poñereime en camiño onde está o meu pai, e direille: **Pai, pequei** contra o ceo e*

*contra ti; xa non merezo chamarme fillo teu: trátame como a un dos teus xornaleiros».*

**Narrador:** Levantouse e veu onde estaba seu pai; cando aínda estaba lonxe, o seu pai viuno e conmovéronnelle as entrañas; e, botando a correr, botóuselle ao pescozo e cubriuno de bicos. O seu fillo díxolle:

**Máis novo:** - “Pai, pequei contra o ceo e contra ti; xa non merezo chamarme fillo teu”.

**Narrador:** - O pai díxolle aos seus criados:

*de o **tenreiro** cebado e sacrificádeo; comamos e celebremos un **banquete**, porque*

**Narrador:** - O pai díxolle aos seus criados:

**Pai:** - “Sacade enseguida a mellor **túnica** e vestídella; poñédelle un anel na man e **sandalias** nos pés; traede o **tenreiro** cebado e sacrificádeo; comamos e celebremos un **banquete**, porque este fillo meu estaba morto e reviviu; estaba perdido e atopámolo”.

**Narrador:** E empezaron a celebrar o banquete. O seu fillo máis vello estaba no campo. Cando ao volver se achegaba á casa, oíu a música e a danza, e chamando a un dos criados, preguntoulle que era aquilo. Este contestoulle:

**Servente:** - “Volveu teu irmán; e teu pai sacrificou o **tenreiro** cebado, porque o recobrou con saúde”.

**Narrador:** El indignouse e non quería entrar, pero seu pai saíu e intentaba persuadilo. Entón el respondeulle a seu pai:

**Máis vello:** - “Mira: en tantos anos como te sirvo, sen desobedecer nunca unha orde túa, a min nunca me deches un cabrito para ter un banquete cos meus amigos; en cambio, cando veu ese fillo teu que se comeu os teus bens con malas mulleres, mátaslle o **tenreiro** cebado”.

**Narrador:** O pai díxolle:

**Pai:** - “Fillo, ti estás sempre comigo, e todo o meu é teu; pero era preciso celebrar un banquete e alegrarse, porque **este irmán teu estaba morto e reviviu; estaba perdido e atopámolo»**».

**Palabra do Señor.**

**(Narrador - Fillo máis novo - Fillo máis vello – Servente – Pai)**

#### 4. ORACIÓN DOS FIEIS

##### **SACERDOTE:**

*Sentíndonos necesitados de amor e de perdón, acudimos a Deus, o noso Pai, con toda confianza, dicindo:*

**-Volverei á casa do Pai. –Perdóanos, Señor.**

1. Pola Igrexa, para que siga creando espazos de reconciliación e de paz entre todos. **Oremos.**
2. Polo papa e os bispos para que nos amosen o rostro de Deus, ese Pai que nos mira con amor e nos perdoa sempre. **Oremos.**
3. Polos nosos pais, que do mesmo xeito que o pai da parábola nos queren incondicionalmente a pesar das nosas infidelidades. **Oremos**
4. Pola nosa parroquia para que cada día sexa máis como a de Xesús, máis acolledora, máis cordial. **Oremos.**
5. Por nós, para que perdoemos de corazón a todos da mesma maneira que Deus nos perdoa a nós. **Oremos.**
6. Polos que vivimos a Coresma, para que redescubramos o sacramento da Penitencia e sintamos a necesidade de reconciliarnos con Deus e cos irmáns. **Oremos.**
7. Por todos nós, para que dos nosos beizos saian con facilidade palabras como “perdón” e “grazas”. **Oremos.**

**SACERDOTE:** *Escóitanos pai, fainos testemuñas da túa misericordia e devolve a Ucraína a ansiada paz. Por XCNS.*

## 5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

### - **UNA BILLETE** coa inscrición “**DEU ESPÉRATE**”:

Con este billete, queremos representar o que Deus fai, aínda cando nos afastamos del, sempre nos dá un billete de ida e de volta. Que descubramos o amor inmenso que Deus nos ten.

### - **ÁLBUM DE FOTOS**:

Con este álbum de fotos queremos levar ao Señor o noso agradecemento pola nosa familia, polos pais. Sentímonos moi agradecidos porque eles, a pesar das nosas debilidades, esperan con paciencia a que melloremos e vivamos tamén como fillos de Deus.

### - **PAN E O VIÑO**:

- Co pan e co viño, queremos dar as grazas a Deus pola festa da eucaristía. Todos os domingos, despois de recoñecer os nosos pecados, el fai unha gran festa; o Señor converte o pan e o viño no seu corpo e no seu sangue para que os seus fillos vivamos unha vida nova.

## SUXESTIÓNS:



- Hoxe é o **domingo da misericordia, do perdón de Deus**.
- Podríase pensar nunha **representación do evanxeo**, o pai, os dous irmáns e Xesús. Bastaría que o pai entregase ao fillo máis novo as bolsas de diñeiro con xesto triste, o fillo que se vai contento, logo pasa momentos tristes lembrando a casa do seu pai. Ao volver atópase co abrazo do pai, que lle coloca anel, vestido novo, sandalias, festa. E a tristeza do fillo máis vello que mira con desconfianza a festa e afástase.
- Tamén se poderían facer **dous carteis** para comparar a nosa idea de Deus: Deus NON é malo, vingativo, cruel, severo, ríxido. Deus SI é pai, misericordioso, perdoador, tenro. Pódense utilizar debuxos da parábola.
- Tamén poderíamos escribir nunha cartolina **“A miña experiencia de perdón”**. Cada neno conta algún momento en que se sentiu perdoado: onde, con quen, que fixo mal (sen dicir nomes). Ao final destacarán como sentiron unha vez perdoados e o necesario que é para convivir o perdoarse. Damos grazas polos que nos perdoan. Expoñemos estas experiencias nun mural. Tamén poderían elixir un deses casos e gravalo co móbil.
- Habería que ir preparando a **confesión de Coresma**, o encontro co Pai, sempre como unha festa, a festa do perdón... Ide pensando como realizala... Aos nenos podémoslle dar unha folliña onde anoten as súas faltas en tres apartados: -cos amigos e compañeiros, -coa miña familia, -con Deus e con Xesús. Tratade de celebrar a Penitencia con moita festa, algo alegre, é o regreso á casa do Pai, é recuperala vida, o ser os seus fillos, volver ter corazón. Dícidelle: “volverei á casa do meu Pai, direille pequei”. E escoitade o sacerdote: “fillo os teus pecados son perdoados”.
- Pensa en alguén con quen poidas ter un **xesto de amor e agarimo** durante a semana... Pode ser alguén próximo, demóstralle o teu amor. Vive con corazón, con bo corazón.
- Nesta época tamén sería oportuna facer a 1ª confesión cos nenos de 2º de comunión que a final de curso farán a comunión. Xa nos días inmediatos á solemne celebración realizarán a segunda confesión.

# ORACIÓN DE GRAZAS

## *Cada mañá*

**Cada mañá** saes ao balcón e esculcas o horizonte por ver se volvo.

**Cada mañá** baixas saltando as escaleiras e botas a correr polo campo cando me adivinas ao lonxe.

**Cada mañá** córtasme a palabra e lánzaste sobre min e rodéasme cun abrazo redondo o corpo enteiro.

**Cada mañá** contratas a banda de músicos e organizas unha festa por min polo ancho mundo.

**Cada mañá** disme ao oído con voz de primavera: "hoxe podes empezar de novo".

FELIZ DOMINGO DÍA DO SEÑOR  
REDE CATEQUISTAS GALICIA